



Facultade de Xeografía e Historia

Grao en Historia

Traballo de Fin de Grado

Os petróglifos de Terra de Montes  
e a súa percepción social

Titora: Mar Llinares García

Departamento de Prehistoria

Alumno: Iván Soto Cardesín

Curso Académico: 2021-2022

#### Resumo:

Os petróglifos son elementos culturais prehistóricos que, xunto con mámoas e castros, forman unha parte importante da identidade galega. A pesar de que en Galicia se concentran no litoral atlántico, en zonas como o curso baixo e medio do río Lérez, co paso do tempo tamén se atopa cada vez unha maior cantidade deles en zonas de interior, aínda que cunha concentración menor e cunha variedade tipolóxica máis repetitiva. Este traballo non busca servir como un catálogo completo de todos os petróglifos coñecidos ata o momento, o que requiriría dun maior espazo de redacción, senón amosar a existencia deste tipo de gravados na comarca histórica de Terra de Montes. O enfoque principal céntrase na visión dos veciños da zona sobre diferentes aspectos relacionados cos petróglifos, tales como o nivel de coñecemento da súa existencia na zona, opinións sobre as sancións impostas pola súa destrución ou modificación, e sobre a labor que desenvolven as asociacións na súa busca, protección e visualización, entre outros aspectos.

Palabras chave: petróglifo, Terra de Montes, etnoarqueoloxía, percepción social.

#### Resumen:

Los petroglifos son elementos culturales prehistóricos que, junto con mámoas y castros, forman una parte importante de la identidad gallega. A pesar de que en Galicia se concentran en el litoral atlántico, en zonas como el curso bajo y medio del río Lérez, con el paso del tiempo también se encuentra cada vez una mayor cantidad de ellos en zonas de interior, aunque con una concentración menor y una variedad tipológica más repetitiva. Este trabajo no busca servir como un catálogo completo de todos los petroglifos conocidos hasta el momento, lo que requeriría de un mayor espacio de redacción, sino mostrar la existencia de este tipo de grabados en la comarca histórica de Terra de Montes. El enfoque principal se centra en la visión de los vecinos de la zona sobre diferentes aspectos relacionados con los petroglifos, tales como el nivel de conocimiento de su existencia en la zona, opiniones sobre las sanciones impuestas por su destrucción o modificación, y sobre la labor que desarrollan las asociaciones en su busca, protección y visualización, entre otros aspectos.

Palabras clave: petroglifo, Terra de Montes, etnoarqueología, percepción social.

Abstract:

Petroglyphs are prehistoric cultural elements that, together with mámoas and castros, form an important part of Galician identity. Despite the fact that in Galicia they are concentrated on the Atlantic coast, in areas such as the lower and middle course of the Lérez River, with the passage of time a greater number of them are also found in inland areas, although with a lower concentration and a more repetitive typological variety. This work does not seek to serve as a complete catalog of all the petroglyphs known to date, which would require more writing space, but to show the existence of this type of engraving in the historical region of Terra de Montes. The main focus is centered on the vision of the neighbors of the area about different aspects related to the petroglyphs, such as the level of knowledge of their existence in the area, opinions on the sanctions imposed for their destruction or modification, and on the work developed by associations in their search, protection and visualization, among other aspects.

Key words: petroglyph, Terra de Montes, ethnoarchaeology, social perception.

## ÍNDICE

1. Introducción .....	1
1.1. Xurisdición da Terra de Montes e investigacións xerais .....	1
1.2. A importancia das asociacións e colectivos.....	3
1.3. Selección de petróglifos e cronoloxía.....	5
2. Obxectivos e metodoloxía .....	9
3. Análises dos datos das enquisas .....	11
3.1. Información estatística xeral.....	11
3.2. Grao de coñecemento e valoración da importancia dos petróglifos.....	12
3.3. Consideracións sobre métodos de protección e sancións.....	15
3.4. Coñecemento de petróglifos en Terra de Montes e lendas asociadas .....	20
3.5. Preservación do patrimonio por parte de asociacións e da administración ....	
.....	24
4. Conclusións .....	26
Bibliografía.....	29
Anexos.....	32

## 1. Introducción

Este traballo está inspirado na vontade por dar a coñecer certos aspectos da arte rupestre -máis concretamente sobre petróglifos- situada na comarca coñecida como Terra de Montes, da que son veciño. Mais hai que aclarar que este traballo non pretende amosar un intento de recollida ou catalogación de todos os petróglifos coñecidos neste territorio, senón que, como se precisará posteriormente no apartado de “Obxectivos e metodoloxía”, tentarase amosar o grao de coñecemento por parte dos veciños sobre esta arte rupestre e a súa percepción sobre ela, entre outros aspectos. Pero antes de comezar resulta necesario precisar os concellos, parroquias e lugares que abarca a bisbarra, posto que é un tema bastante complexo pero fundamental.

### 1.1. Xurisdición da Terra de Montes e investigacións xerais

Antes de comezar resulta necesario realizar unha breve introdución histórica sobre o espazo que se pretende abordar, é dicir, Terra de Montes. Trátase dunha comarca histórica, orixinada pola división parroquial que tivo lugar por parte dos suevos a mediados do século VI. Non será ata o ano 1115 cando remate por adoptar unha personalidade propia como tal, froito da construción da torre-fortaleza de Castro de Montes propiciada polo arcebispo Xelmírez; desta forma, o goberno quedaría en mans dos xuíces meiriños. Debido a circunstancias diversas, durante o século XIX romperíase a unidade administrativa entre dúas provincias -Pontevedra e Ourense- e varios concellos (Raposeiras, 2007, pp. 13, 51).

Neste territorio administrativo que comprende, salientan os concellos de Beariz (o único ourensán, o resto pertencen a Pontevedra), Cerdedo -facendo distinción de Cotobade, concello veciño ao que se ve fusionado por decreto da Xunta de Galicia dende 2016- e Forcarei. Non obstante, no intento de precisar o resto de parroquias e lugares que se atopan inscritos noutros municipios, contemplamos distintas visións segundo o autor consultado. Posto que se podería dar lugar a un maior debate sobre o territorio que abarcaría a rexión pero que non procede neste traballo, limitareime a expoñer dúas posturas que conseguen acadar un acordo de mínimos.

Tanto Xosé Antonio Gulías Lamas como José Raposeiras Correa, naturais de Beariz e Forcarei, respectivamente, coinciden en incorporar a Terra de Montes as parroquias de San Isidro de Montes, Santiago de Morillas (concello de Campo Lameiro)

e Santiago de Caroi (antigo concello de Cotobade), polo que serán tidas en conta como obxecto de estudo. As diverxencias residen no tratamento diferencial de casos como Santa María da Zobra (Lalín), onde Gulías só destaca a pertenza á comarca do lugar concreto de Porto Martiño (Gulías, 2020), mentres que Raposeiras refire á totalidade da parroquia (Raposeiras, 2007). Á súa vez, Raposeiras tamén inclúe parroquias como San Lorenzo de Sabucedo (A Estrada) e Barcia do Seixo (A Lama), que nin tan sequera son mencionadas por Gulías.

Gustaríame aclarar por tanto, para evitar malentendidos ou confusións de calquera tipo, que serán considerados neste traballo como pertencentes á bisbarra de Terra de Montes os concellos de Beariz, Cerdedo e Forcarei, así como as parroquias de San Isidro de Montes, Santiago de Morillas (Campo Lameiro) e Santiago de Caroi (Cotobade) (véxase Anexo nº 1, figura 1).

En canto á situación xeográfica, a ubicación da maioría do territorio terramontés pódese adscribir ao curso baixo e medio do río Lérez, supoñendo as Rías Baixas a zona de maior concentración de laxes inscritas, coas representacións máis variadas e mellor conservadas de todo o territorio galego. Á súa vez, percíbese unha preferencia polos emprazamentos a media altura sobre os outeiros e montes para a realización dos gravados, no noso caso oscilando estes entre os 400 e os 800 metros sobre o nivel do mar, así como unha selección de rochas concretas que, pola súa composición, orientación e demais factores, deberon contar cun propósito determinado (Aparicio *et al.*, 2013, pp. 11-13).

Resulta interesante destacar a existencia de abundante bibliografía sobre múltiples elementos da comarca. Contamos con obras xerais sobre diferentes enclaves e aspectos culturais, resaltando, entre outras, as dúas últimas publicacións da asociación *Amigos da Terra de Montes*, unha sobre o Castro de Montes e outra sobre fidalguía e heráldica.<sup>1</sup> Así e todo, os temas tradicionalmente máis investigados e atractivos serían o mosteiro de Santa María de Aciveiro,<sup>2</sup> no que sobresaie a labor do profesor da USC, Camilo Fernández

---

<sup>1</sup> As obras son as seguintes: Gulías Lamas, X. A. (2020). *O castelo do Castro de Montes e as parroquias desta xurisdición*. Edicións Ferverza. – Bertolo Ballesteros, J. M. (2021). *Fidalguía e heráldica da Terra de Montes*. Xunta de Galicia.

<sup>2</sup> Para máis información consultar: Ramos Díaz, M. (2001). *Santa María de Aciveiro*. Memoria de Licenciatura da Universidade de Santiago de Compostela; Fernández Cortizo, C. (2007). De Claraval a Aciveiro: a obra colonizadora da Orde do Císter en Galicia. En Raposeiras, J. (Coord.), *A procura da nosa identidade. Terra de Montes* (pp. 65-74). Deputación provincial de Pontevedra.

Cortizo, e os camiños medievais -Camiño da Geira e os Arrieiros e Camiño Miñoto Ribeiro, postos en valor recentemente como rutas xacobeas-<sup>3</sup>.

Ademais disto, existen libros, artigos e revistas sobre os tres municipios principais por separado, nas que destacan unha serie de autores. Para o caso de Beariz, son de relevancia Enrique Bande Rodríguez e Xesús Antonio Gulías Lamas, posto que trataron aspectos relacionados coa relevancia histórica do concello, entre outras moitas preocupacións.<sup>4</sup> No caso de Cerdedo destacan, esencialmente, Antonio Rodríguez Fraiz e Calros Solla Varela, tratando temas que varían dende a labor dos canteiros á mitoloxía asociada ao territorio.<sup>5</sup> Finalmente, en Forcarei contamos con Francisco Rozados (Rochi), que colabora con frecuencia na revista cultural *Cotaredo*, e José Raposeiras Correa, que ten publicado sobre emigración e persoeiros relevantes, como Virxilio Blanco.<sup>6</sup>

## 1.2. A importancia das asociacións e colectivos

É necesario incidir na gran labor que para o estudo, investigación e coñecemento de Terra de Montes supoñen as diferentes asociacións e colectivos existentes. Mencionouse con anterioridade a *Asociación Amigos da Terra de Montes*, que como vimos exemplificado nalgunhas das súas obras intenta publicar de forma anual sobre diferentes temas. Non obstante, ata a actualidade non entra nas preocupacións desta organización o desenvolvemento dun traballo sobre petróglifos, que é o aspecto fundamental que nos interesa neste momento.

O colectivo que si se preocupou de forma específica, activa e continuada na busca, localización e sinalización de gran cantidade de petróglifos, é o colectivo *Capitán*

---

Fernández Cortizo, C. (2000). Santa María de Acibeiro. En Yáñez, D. (coord.), Portela, E., Pallares, M., Barral, D., López, J., Fernández, C., Fernández, J., Rodríguez, F., Martínez, A. y Tobío, R., *Monasticón cisterciense gallego* (Vol. II, pp. 152-187). Caixavigo e Ourense.

<sup>3</sup> Para máis información pódense consultar as seguintes páxinas web:

Sobre a Geira Romana e dos Arrieiros: <https://codeseda.com/camino-medieval-portugues-de-santiago-portugal-a-estrada/> ; sobre o camiño Miñoto-Ribeiro: <https://www.xn--albario-9za.com/turismo/turismo-activo/camino-minoto-ribeiro>

<sup>4</sup> Bande Rodríguez, E. (1995). *Evolución histórica de la parroquia de Beariz*. Fundación Terras de Beariz; Gulías Lamas, X. A. (1992). *Beariz de Montes. Aspecto antropológico, histórico e cultural dun pobo*. Concello de Beariz.

<sup>5</sup> Rodríguez Fraiz, A. (1982). *Canteiros e artistas de Terra de Montes e ribeiras do Lérez*. Gráficas Portela de Pontevedra; Solla, C. (2005). *Almanaque de encantos. Mitoloxía da terra de Cerdedo*. Edit. Cardeñoso.

<sup>6</sup> Rozados, F. (desde 1995). *Cotaredo. Revista cultural e turística do Concello de Forcarei*. Comisión de Cultura; Raposeiras Correa, J. (2003). *Virxilio Blanco: análise da súa vida e obra artística. Pedagogía da emigración*. Máis referencias bibliográficas sobre a comarca no apartado “Bibliografía” da páxina web da *Asociación Amigos da Terra de Montes*: <http://www.webterrademontes.com/Bibliografia.htm>

*Gosende*. Tras o procedemento anterior, encárganse de dar aviso á Secretaría Xeneral Técnica e do Patrimonio da Xunta sobre os seus descubrimentos, pese ás reticencias desta de atender ás peticións e inventarialos/catalogalos como Bens de Interese Cultural (BIC).

As publicacións que levan a cabo engloban principalmente o antigo concello de Cerdedo, a pesar de tratar así mesmo as zonas circundantes. De feito, en posteriores liñas mencionárase o seu libro *O legado dos homes pequenos*,<sup>7</sup> que resultou de alto valor para un maior coñecemento sobre os petróglifos da zona -posto que nos catálogos solicitados a Patrimonio poucos hai inventariados-, así como para a busca de documentación para a realización deste traballo. Igualmente importante será *O embigo do Becho. Retrincos da intrahistoria de Cerdedo V*, firmado por Calros Solla, que abarca descubertas de petróglifos -entre outros temas- e anécdotas do colectivo nas diferentes freguesías dos concellos de Beariz, Forcarei e Cerdedo.<sup>8</sup>

Por tanto, se ben é certo que existen outras asociacións pertencentes a territorios veciños a Terra de Montes, como *A Rula* na Estrada ou *Codeseda Viva* en Codeseda, os membros do colectivo *Capitán Gosende* serían os únicos -polo menos que me conste- que se preocupan por este tipo de arte rupestre na comarca. Organizacións aparte, gustárame destacar tamén a labor cultural de Jorge Lamas Bértolo, arqueólogo natural de Beariz, e o artigo sobre os petróglifos cruciformes do monte Penide (Quintelas de Arriba, parroquia de Dúas Igrexas, Forcarei) da profesora M<sup>a</sup> José Troitiño López.<sup>9</sup>

De todas formas, existe unha maior visibilización das manifestacións artísticas do antigo concello de Cerdedo, o que se podería explicar pola súa maior proximidade a zonas como Campo Lameiro ou Cotobade, onde se localizan as maiores e máis importantes concentracións de estacións pétreas con inscricións prehistóricas, salientando Laxe dos Carballos (Campo Lameiro) e Laxe das Ferraduras (Fentáns, Cotobade). Así pois, o resto do territorio parece baleiro en comparación, non tanto pola ausencia de laxes gravadas, senón porque seguramente aínda non se descubriron ou identificaron como tal e, no caso de saber da súa existencia, non reciben o tratamento e recoñecemento que merecen.

---

<sup>7</sup> Colectivo Capitán Gosende (2017). *O legado dos homes pequenos: gravados rupestres de Cerdedo*. Edicións Morgante.

<sup>8</sup> Solla, C. (2021). *O embigo do Becho. Retrincos da intrahistoria de Cerdedo V*. Edicións Morgante.

<sup>9</sup> Troitiño, M. (2010). Grabados cruciformes. Monte Penide. Forcarei. Pontevedra. *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (29), 103-112. Non debe confundirse co monte Penide máis famoso de Galicia, situado en Redondela (Pontevedra), que alberga tamén numerosas manifestacións prehistóricas.

### 1.3. Selección de petróglifos e cronoloxía

Este traballo, como mencionei nun inicio e aclararei en maior profundidade no apartado de “Obxectivos e metodoloxía”, non pretende servir como catálogo de todos os petróglifos existentes en Terra de Montes, posto que sería imposible albergar tal cantidade nun espazo tan reducido como o dispoñible. Porén, gustaríame amosar unha breve definición dos tipos de gravados máis comúns e abundantes, sen esquecer comentar de forma xeral o espectro cronolóxico ao que pertencen, tema que pode resultar bastante controvertido segundo os diferentes autores ao escasear os estudos ou investigacións concretas sobre os exemplares.

Os motivos máis habituais nas laxes son, seguindo as características principais da arte rupestre do Estilo Atlántico (Santos, 2013), as cazoletas ou *coviñas*. Estes ocos, de pequeno pero variable tamaño, atópanse presentes na maioría dos afloramentos rochosos da comarca, sexa de forma sinxela -escasa cantidade e repartidos pola superficie do soporte, caso por exemplo dos petróglifos de Pedreira IV e V (Pereira Forcarei)- ou formando aliñamentos e concentracións, como nos petróglifos de Correa I e II (Xirasga, Beariz).<sup>10</sup>

Por suposto, son múltiples as ocasións nas que comparten espazo con outras figuras xeométricas, xeralmente círculos, como no caso dos repartidos en varios dos paneis que compoñen o petróglifo do Outeiro Framil (Quireza, Cerdedo), ou no gravado rupestre de Carballás (Cerdedo), que amosa combinacións circulares concéntricas. Tamén contamos con círculos concéntricos que conteñen cazoletas centrais, podendo sinalar os petróglifos de Carballás, Outeiro do Mestre ou Granxa do Hospital, os tres sitios na parroquia de Cerdedo, aínda que segundo Calros Solla o último dos mencionados poderíase tratar dun labirintoide (Solla, 2021, p. 359) (véxase Anexo nº 1, figura 2).

Son igualmente destacables, pola súa singularidade e escasa representación, dous casos de presuntos ofidios. Este é un asunto que debe ser tratado con coidado, posto que é frecuente asimilar erroneamente liñas ondulantes rematadas nunha *coviña* con figuras de serpes (Costas e Novoa, 1993, p. 127). O primeiro deles corresponde ao coñecido como Serpentiorme de Limeres (Limeres, Cerdedo) (véxase Anexo nº 1, figura 3), que parece estar acompañado dunha cazoleta á altura do que sería a boca -sobre este petróglifo

---

<sup>10</sup> Pese a que son moi escasas, tamén existen exemplos das denominadas cazoletas de tipo “bacilo”, é dicir, dúas *coviñas* unidas por mor da erosión, caso de Pedreira VIII (Pereira, Forcarei) (Solla, 2021, p. 38).

tornaremos nun apartado posterior, en referencia ás lendas-. O segundo caso, máis dubidoso que o anterior, sería o petróglifo da Mámoa Grande (Santa Mariña de Presqueiras, Forcarei), que presenta un círculo con *coviña* central e o suposto serpentiforme ao carón (Capitán Gosende, 2017) (véxase Anexo nº 1, figura 4).

Os últimos animais representados que son dignos de mención atópanse na fronteira occidental de Terra de Montes, nas parroquias de San Isidro de Montes (petróglifo de Chan da Lagoa) e Santiago de Morillas (Chan da Carballeira), no concello de Campo Lameiro. Salientan escenas de monta de cabalos, aínda que en Chan da Lagoa, pola presenza de gravados de cérvidos na mesma laxe, interprétase máis ben como unha escena cinexética. En ambos exemplos os xinetes dispoñen do que se interpreta como cordas ou bridas, dirixidas cara a cabeza do animal para controlalo e dirixilo, mentres que na outra man portan un instrumento alongado, posiblemente unha lanza (Aparicio e De la Peña, 2011, pp. 79-82, 99-102).

Finalmente, cabe destacar unha importante presenza de inscricións cruciformes nos tres concellos principais da rexión. Referido a Cerdedo pódense nomear as cruces do muíño de Herdeiros de Baixo (Abelaíndo), a cruz de Laxa do Castro (Arén) ou as da Laxe da Romaxe II (Pedre). No caso forcaricense salientan Outeiro das Cruces I -con ata 10 cruces latinas-, e o monte Penide, que coas dúas estacións localizadas suma arredor de 14 cruces, varias inscritas en círculos (Troitiño, 2010) (véxase Anexo nº 1, figura 5).

Beariz resulta a zona máis paradigmática xa que, segundo Solla, en exemplares como o petróglifo do Recosto (parroquia de Xirasga), atoparíamos “cruciformes-antropomorfos” (véxase Anexo nº 1, figura 6), aos que se atreve a referir nalgunha ocasión como idoliformes (Solla, 2021, pp. 175-176). Esta interpretación é arriscada, e a pesar de que nalgunhas obras se faga referencia a esta posibilidade de representar figuras antropomorfas de forma moi esquemática, adoptando ese aspecto de cruz, adóitase relacionar con escenas de doma e monta de équidos (Costas e Novoa, 1993, p. 115), o que non parece darse nestes casos.

Unha vez realizada esta escolma gustaríame presentar o problema que supón definir a cronoloxía dalgúns destes petróglifos. Obviando a xa comentada escaseza de estudos sobre estacións de gravados concretos, a maioría dos motivos inscritos poderíanse situar en épocas máis ou menos concretas. O Grupo Galaico de arte rupestre (Carrera *et al.*, 2002), cos motivos xeométricos sinalados -tales como cazoletas e círculos

concéntricos-, poderíanse adscribir esencialmente ás idades do Calcolítico e do Bronce, arredor do III milenio e comezos do II milenio antes de Cristo (Fábregas, 2009, p. 71), etapa coincidente coa fin do Megalitismo e o desenvolvemento inicial da metalurxia.<sup>11</sup> Desta forma, a maioría dos autores consultados defenderían unha clara creación e uso dos petróglifos ao longo da idade do Bronce, finalizando ou comezando a perder este costume de gravar en rochas ao aire libre co paso á idade de Ferro (De la Peña e Vázquez, 1992, pp. 100-106).

A aparición deste tipo de arte rupestre nun momento de transición cara a Idade dos Metais podería sinalar, segundo as investigacións, un emprego dos petróglifos como instrumento para lexitimar o dominio dunha novidosa orde social. Isto quere dicir que os gravados contarían cun carácter sustentador e difusor de novos valores, dada a tendencia cara unha asimetría social e a formación de comunidades cada vez máis complexas e acusadas (Costas e Hidalgo, 1998). Esta crecente desigualdade veríase corroborada pola representación de escenas de caza ou equitación e armamento metálico (puñais, espadas, alabardas, escudos), actividades e obxectos que se atoparían accesibles a un reducido número de individuos, que ostentarían os cargos de riqueza e poder máis salientables (Aparicio *et al.*, 2013, p. 19).

Non obstante, outros autores como Santos Estévez defenden a hipótese de que a “Arte Rupestre Atlántica” foi producida durante un espazo máis estendido de tempo, dende o Neolítico ata o Ferro I, asemellándose en maior medida ás tradicións rupestres europeas postpaleolíticas (Santos, 2013, p. 220). Desta forma, experimentaríase unha progresiva transformación na iconografía -entre outros aspectos como a perspectiva e a morfoloxía dos soportes-, o que permitiría realizar unha organización tripartita das insculturas: no Neolítico terían lugar deseños xeométricos (*coviñas*, círculos, etc.); durante a idade do Bronce proliferarían as representacións de armas, e na idade do Ferro xurdirían escenas que implican a animais, como escenas de caza de cervos, equitación ou figuras antropomorfas (Santos, 2013).<sup>12</sup>

Esta dificultade para conseguir acadar unha delimitación temporal que satisfaga ás partes contrapostas, dada a heteroxeneidade das manifestacións, é unha das claves

---

<sup>11</sup> Esta proposta apóiase nas asociacións espaciais con lugares de ocupación e en estudos paleoambientais, en momentos nos que se iniciarían procesos de diferenciación social (Fábregas, 2009)

<sup>12</sup> Existe a hipótese de que se poderían incluír tamén na idade do Ferro os exemplares de ofidios, posto que a súa reiterada aparición en recintos castrexos permitiría esta asociación (Santos e García, 2002, p. 91).

polas que certos autores prefiren denominar esta arte rupestre como de *estilo atlántico* (Criado *et al.*, 2016, p. 150). Independentemente da tese que se defenda, a maioría de autores coinciden en que o único elemento que permite datar e adscribir o núcleo principal das representacións en pedra coa Idade de Bronce son as armas. Isto débese á fidelidade coa que son plasmadas, coincidindo coa tipoloxía dos modelos reais achados en diferentes escavacións arqueolóxicas da época (Aparicio *et al.*, 2013).

Quedaría por tratar o tema dos motivos cruciformes, que habitualmente adoitan sinalarse como petróglifos históricos, é dicir, non pertencentes á época prehistórica, senón máis ben á Idade Media e/ou Moderna.<sup>13</sup> Sobre estes gravados xa sinala Costas Goberna a principios dos anos 90 -e con anterioridade J. Ferro Couselo- a posibilidade de que cumpran unha función de delimitación do territorio,<sup>14</sup> mais tamén dun intento de cristianización dos espazos, especialmente naqueles onde existe un número elevado de cruces (Costas e Hidalgo, 1998, p. 160).

No que á delimitación territorial se refire, trataríase dun sistema de orixe romana, que continuou gozando de relevancia nos séculos seguintes, tanto pola necesidade de someter o espazo ao cobro dunhas taxas e impostos, como para diferenciar os terreos de montes e demais propiedades. Será por isto que durante a Idade Media sexan comúns os conflitos e preitos pola posesión das terras, pois constituían o factor socioeconómico principal pola súa dedicación ao cultivo ou á gandería (Costas e Hidalgo, 1998, p. 159).

Esta funcionalidade como punto de referencia para unha división administrativa é facilmente observable en varios dos petróglifos de Terra de Montes. Contamos por exemplo cos do monte Penide xa mencionados, cruces triunfais que se sitúan entre as parroquias de Dúas Igrexas e Pereira, en Forcarei; a proximidade de mámoas, usadas con asiduidade co mesmo fin delimitador, reforzan esta hipótese (Troitiño, 2010). As dez cruces latinas de Outeiro das Cruces I marcan así no mesmo concello outro linde entre as parroquias de Folgoso, Ventoso e Presqueiras (San Miguel), e en Quireza (Cerdedo) o

---

<sup>13</sup> É necesario destacar que se diferencian das prehistóricas, xeralmente, pola forma da súa concavidade, máis próxima á forma de V, sinal característico dos golpes percutidos cunha ferramenta de metal. Pola contra, as prehistóricas presentan unha curvatura máis suave, en forma de U, máis propia de ferramentas líticas como o seixo.

<sup>14</sup> Se ben é certo que existe unha predilección polo emprego de motivos cruciformes para as delimitacións territoriais, tamén se pode dar o caso de empregar grafías, ferraduras ou mesmo *coviñas* prehistóricas (Fernández, 2022, p. 293). Este podería ser o caso das estacións do monte Pedreira, que marcaría dentro da parroquia de Pereira (Forcarei) a separación entre Muras-Alende e Valiñaxemia (Solla, 2021).

petróglypho de Outeiro Framil aínda se considera a día de hoxe un distintivo entre as aldeas de Outeiro, ao norte, e Fondós, ao sur (Solla, 2021, p. 46).

## 2. Obxectivos e metodoloxía

O obxectivo principal deste traballo non é servir de recompilación de todos os petróglifos que alberga Terra de Montes, senón estudar o grao de coñecemento sobre este tipo de patrimonio cultural por parte dos propios veciños. Así mesmo, desenvolveranse e analizaranse gran parte dos datos recompilados durante o traballo de campo, é dicir, mediante a realización de entrevistas e enquisas a múltiples veciños. Isto podería aportar información interesante a escala rexional, podéndose extrapolar a nivel da provincia ou mesmo da comunidade autónoma galega.

Como se adiantou, a metodoloxía consistiu na realización dunha serie de preguntas a diferentes persoas pertencentes á comarca seguindo dous formatos diferentes. Dunha banda, leváronse a cabo entrevistas semiestruturadas, de forma persoal e directa, informándose debidamente ao/á entrevistado/a sobre a finalidade e o carácter anónimo da mesma. Pese a que a maioría destes encontros tiveron lugar nun espazo informal (bares, restaurantes, tendas), formuláronse as cuestións de forma seria e rigorosa. Ademais, as 61 persoas concederon autorización verbal para poder gravar as conversacións, permitíndome volver a escoitalas con tranquilidade nun ambiente máis adecuado para a análise e estruturación dos datos.

Por outra parte, procedeuse á creación e divulgación polas redes dun cuestionario en liña coas mesmas preguntas que realizaba de forma presencial. Este cambio de metodoloxía debeuse á falta de tempo e gran inversión que supón a realización de tal cantidade de entrevistas, mentres que a través das enquisas online se axilizaba o proceso. Desta forma logrei chegar a un maior número de xente nun menor tempo, conseguindo a participación no prazo dunha semana de 66 voluntarios/as. En conclusión, da combinación de ambos métodos resultaron un total de 127 veciños enquisados, aos que lles agradezo enormemente o seu tempo, amabilidade e información compartida, que fixeron posible este traballo.

Se ben é certo que mediante a metodoloxía do cuestionario a velocidade de obtención de información é moito maior, tamén cabe sinalar que a súa calidade é inferior. Isto débese a que ao presentarse unha lista coas posibles respostas a escoller limítanse os

apuntamentos que cada persoa podería realizar sobre elas, e que poderían ser valiosos de cara aportar detalles non incluídos nas opcións ofertadas (Llinares, 2001). É por isto que resultan máis substanciosas as entrevistas, ademais de que ao ser cara a cara transmítese unha maior confianza e vontade para expoñer as respostas.

En canto ás preguntas formuladas, cabe diferenciar entre as de carácter máis persoal e as referentes aos petróglifos. Tras asegurar que foran veciños de Terra de Montes preguntóuselles, cun carácter meramente estatístico, a idade e nivel máximo de estudos, para a continuación iniciar as cuestións vinculadas co tema principal.

A primeira, básica pero directa, foi se tiñan coñecemento do que era un petróglifo ou con que podería estar relacionado. En caso de recibir unha resposta afirmativa, solicitaba unha pequena definición para asegurar que realmente contaban co coñecemento mínimo necesario para proseguir coa entrevista. De todas formas, así como no caso de responder negativamente, aporteilles unha definición máis ou menos breve, recalando que se trata dun gravado na rocha -sendo o soporte máis común o granito-<sup>15</sup>, xeralmente de época prehistórica -a pesar de contar como vimos con exemplos de datación medieval ou moderna- e que presenta múltiples formas e tamaños, dende pequenas *coviñas* ou cazoletas a grandes cervos, armas e círculos concéntricos, entre outros motivos.<sup>16</sup>

Deseguido, tratei de avaliar a percepción que os veciños tiñan sobre eles, é dicir, se lles parecen algo importante, digno de conservación e estudo, se simplemente os ven como “signos raros en pedras” (cita literal dunha das gravacións), ou até se os consideran un estorbo ou de innecesario recoñecemento patrimonial. En relación con este apartado, solicitouse a maiores opinión sobre posibles métodos de protección para os gravados, principalmente contra actos de vandalismo, así como sobre as posibles sancións ou medidas que se poderían acometer contra os infractores, dando lugar a interesantes respostas que serán analizadas con posterioridade.

Outra das preguntas buscaba analizar o grao de coñecemento que se tiña sobre petróglifos na comarca, é dicir, pretendíase descubrir cantas persoas eran conscientes da existencia de petróglifos nas proximidades. Albergaba a esperanza, por unha parte, de que

---

<sup>15</sup> Pese a que o granito é considerado o soporte máis idóneo para a realización de gravados, pola súa dureza e composición, que permiten un mellor mantemento no tempo, existen exemplos de petróglifos inscritos en soportes diferentes, como no caso de Ricovanca I (Xirasga, Beariz), onde atopamos 27 *coviñas* contidas nunha laxe de xisto.

<sup>16</sup> Debo aclarar que esta leve explicación foi dada tras escoitar as súas respostas, co obxecto de que quedase claro que estabamos a falar do mesmo.

os que non sabían con anterioridade o que era un petróglifo me puidesen sinalar o nome ou ubicación dalgún exemplar, situación que por desgraza non tivo lugar. Por outra parte, contaba con que a maioría dos participantes restantes sabería sinalar algún nome ou ubicación aproximada, pero pequeei de optimista e recibín menos exemplos dos que esperaba acadar, como se amosará en seguintes apartados.

O último punto tratado xirou en torno á opinión e consideración de asociacións e colectivos, como *Capitán Gosende*, e a súa labor polo patrimonio. Deste asunto xurdiron debates, como se a divulgación e protección da arte rupestre debería ser impulsada maiormente polo goberno e a administración, contratando profesionais -arqueólogos, historiadores- ou, pola contra, calquera persoa que se preocupe polas manifestacións artísticas pode tentar levar a cabo estas labores, seguindo por suposto a metodoloxía correspondente.

### 3. Análises dos datos das enquisas

Procederemos agora á interpretación e estudo das respostas aportadas polos participantes, tanto nas entrevistas presenciais como nas enquisas en liña (véxase Anexo nº 2, cuestionarios 1 e 2). Primeiramente explicaranse unha serie de datos xenéricos e o porque desta recollida de información, para deseguido proceder cos seguintes apartados. Neles enfocaranse os aspectos que considero máis relevantes a destacar, sexa polos contidos das contestacións ou polo interese da propia pregunta.

#### 3.1. Información estatística xeral

Comezando coas anteriormente denominadas preguntas de carácter persoal, estas inclúen dous aspectos básicos: a idade e o nivel máximo de estudos. Estes son factores que se poden relacionar facilmente e permiten comprender as preguntas posteriores, xa que segundo a idade puido recibirse unha educación diferente, reflexada durante a enquisa. Isto posibilita un condicionamento do coñecemento, tanto en termos de cantidade como de calidade, así como da súa percepción segundo se explicara; é dicir, non estudou o mesmo unha persoa durante a etapa franquista, que durante o último cuarto do século pasado, ou nestas primeiras décadas do XXI.

Con isto pretendo explicar a división tripartita por idades -realizada de forma aproximada e cunha mera función organizativa- dos enquisados, co obxecto de tratar os datos de forma máis grupal. Como se pode observar no gráfico (véxase Anexo nº 1, figura 7), máis do 50% (65 persoas) corresponde ás persoas nadas a finais da centuria anterior e inicios da actual, nun espectro comprendido entre os 14 e 29 anos. A metade restante é compartida polos adultos de entre 30 e 59 anos e os maiores de 60, grupos compostos por 39 e 23 voluntarios/as, respectivamente, onde gran parte sufriu unha realidade, a nivel educativo, moi diferente á actual.

En canto á formación académica cabe sinalar a diferenciación de catro grupos (véxase Anexo nº 1, figura 8). En primeira instancia contamos cun 1%, composto por tan só unha persoa, que refire á falta dun título de finalización dos estudos básicos obrigatorios, é dicir, o que actualmente corresponde con educación primaria e secundaria. O seguinte segmento, composto por pouco máis dun quinto do total (28 persoas), representa a aqueles individuos que dispoñen dos estudos mínimos obrigatorios, pero sen unha especialización ou continuación de estudos. O sector máis amplo -composto por 57 individuos- é encabezado por aquelas persoas que finalizaron -ou están cursando- un nivel académico non obrigatorio, tal como bacharelato ou un ciclo medio/superior. Finalmente, no terzo restante (41 persoas) contamos con persoal que se atopa en posesión dun título universitario de calquera nivel, sexa licenciatura, grao, mestrado ou doutorado.

Paréceme importante destacar que o obxectivo inicial destes anteriores apartados -de carácter máis introdutorio- era amosar unha relación directa co maior ou menor coñecemento ao que petróglifos se refire; é dicir, comprobar se é maior canto maior sexa a idade e/ou a formación académica. Ao longo do traballo poderemos valorar estas apreciacións, se se cumpren as expectativas, non teñen relación ou se, pola contra, son inversamente proporcionais.

3.2. Grao de coñecemento e valoración da importancia dos petróglifos Abordando a primeira e máis elemental das cuestións, sobre se coñecían ou escoitaran algunha vez sobre o que era un petróglifo, a maioría dos voluntarios (77%, 98 persoas) non só responderon afirmativamente, senón que foron capaces de aportar unha breve definición para demostralo. A solicitude desta demostración non era tanto por desconfianza, máis ben buscaba asegurar que entendían e sabían o que se lles estaba a

preguntar, e que non o confundían con algunha outra manifestación artística ou de calquera índole.

De feito, é curioso como nalgunhas das respostas -menos das esperadas en verdade- confundían os gravados con pintura ou co celtismo, detalles que precisan unha explicación. No relativo á pintura, o máis seguro é que esta mestura de termos teña a súa orixe na agrupación de ambos legados prehistóricos na mesma consideración de “arte rupestre”. Resulta evidente que chaman máis a atención as pinturas prehistóricas -polo que puiden observar- por diversos motivos, entre eles o emprego dunha gama cromática que, pese a ser reducida, varía máis que a característica cor gris dos surcos do granito. Ademais, adoita ser un elemento estendido máis alá de Galicia, coñecéndose popularmente os contidos no xacemento de Altamira, ou nunha escala máis ampla a referida á arte levantina.

No concernente á confusión con motivos celtas, é bastante probable que isto sexa debido ao que na obra de Fernando Costas e José M. Hidalgo se denomina a “etapa post-romántica, 1865-1923”, lapso de tempo no que Manuel Murguía, un dos máis importantes persoeiros de Galicia, emprega o “celtismo” como un sinal de identidade para a nación galega. Polo tanto, esta adscrición sería froito dun marcado carácter ideolóxico, co rexionalismo e nacionalismo galego de inicios do século XX. A pesares de que a obra do autor alemán Hugo Obermaier tivese gran influencia e conseguise reducir este celtismo á Idade do Ferro na década de 1920, aínda perduraría nos nosos días esa confusión e vinculación entre as etapas da prehistoria recente, confundindo monumentos megalíticos, petróglifos e castos (Costas e Hidalgo, 1998, pp. 9-11).

Retornando á porcentaxe de persoas que sabían o que era un petróglifo, o 23% restante non tiñan unha idea clara ou non sabían en absoluto sobre con que podería ter relación. Neste grupo contamos dende persoas que a pesares de afirmar que sabían o que era non aportaron ningunha pequena definición para corroboralo, ata aquelas que confundiron o termo con “algo relacionado con petróleo”. Non obstante, unha vez feita unha rápida explicación -no caso das enquisas persoais-, moitos deles déronse de conta de a que me estaba referir, e ata souberon sinalarme algún petróglifo, sobre todo na localidade de Pedre.

No momento de realizar a seguinte cuestión, sobre a consideración que gardaban cara estas manifestacións artísticas, a gran maioría (95%) declarou que os consideraban

elementos de importancia cultural. É dicir, indiferentemente de se sabían, víran ou escoitaran sobre eles con anterioridade, case todos pensaban que os gravados rupestres tiñan certa importancia, fose polos motivos representados, pola súa gran concentración na comunidade autónoma ou pola súa antigüidade. Se ben é certo que cabe mencionar de forma anecdótica as palabras dun dos entrevistados presencialmente, que declarou que “se se están estudando (os petróglifos) deben ser importantes”; deste xeito parece dar a entender que a súa importancia ven dada polo interese dos profesionais á hora de investigar sobre eles.

A maiores deste curioso comentario, destacan dúas observacións fundamentais segundo a contestación recibida. A primeira, a colación do xa nomeado celtismo, sería a crenza arraigada de que se trataban de símbolos ou sinais na rocha que realizaron os nosos antepasados fai miles de anos, e que contan historias para nós agora descoñecidas - volveremos sobre este asunto nun apartado posterior para falar sobre as lendas-, pero que non por iso deben descoidarse, ao contrario, han de salvagardarse para o seu estudo e posterior explotación turística.

Como vemos, é posible que esta postura se atope cargada dunha ideoloxía da que aínda quedan restos na actualidade, pero tamén pode que non se deba a un sentimento nacionalista, senón de puro arraigamento á terra, tan típico de Galicia. Estaríanse referindo ao espazo que a familia leva habitando dende hai tantas décadas, composto por eses montes, outeiros e leiras nas que se atopan os petróglifos -ademais de outros elementos prehistóricos-, nunha combinación de paisaxe natural e antrópica.

O segundo tipo de resposta mantén a idea que considera necesaria a súa protección e conservación, pero dende un punto de vista de maior neutralidade no que a fervor sentimental se refire. Neste caso, os enquisados aludiron á súa importancia polo valor dos motivos representados, as posibles interpretacións que se poderían deducir, a necesidade de coidalos e sinalizalos para sacarles un proveito, tanto cultural ou educativo como turístico, aspecto sobre o que retornaremos máis adiante.

En canto ao reducido número de persoas -seis concretamente- que expresaron un desafecto por estas laxes gravadas, a súa xustificación podería basearse no descoñecemento do seu significado e procedencia, así como do valor que podería ter na actualidade en calquera dos ámbitos anteditos. Nun dos casos mencionáronse os petróglifos como un estorbo, en referencia ao custo do seu mantemento, establecemento

dunha área de protección e demais tarefas administrativas -menos común e custoso en realidade do que o entrevistado cría-. Mais tamén para os casos nos que un destes afloramentos graníticos con presenza de inscricións prehistóricas poida entorpecer ou impedir unha actividade económica, como a construción dunha vivenda ou a dedicación do terreo a actividades agrarias, cuestión aínda relevante sobre todo entre as persoas de avanzada idade, cunha maior relación co rural.

Pese ao que comunmente poderíamos pensar, sobre que estas persoas terían un baixo nivel de estudos ou formarían parte do grupo de maior idade, isto non é acertado de todo. Si que é certo que a entrevistada que carece de estudos básicos e conta con máis de 60 anos forma parte das que negaron a importancia dos petróglifos, pero do resto tres serían estudantes e dúas contarían cun ciclo medio ou superior. Polo tanto, non podemos establecer unha relación clara entre os suxeitos e a súa idade e/ou formación académica, senón que seguramente se trate dunha percepción propia e persoal de cada un dos entrevistados.

### 3.3. Consideracións sobre métodos de protección e sancións

Como sabemos, os petróglifos son manifestacións artísticas prehistóricas que se engloban no que denominamos arte rupestre, situadas en superficies rochosas de variables dimensións ao aire libre. É por este mesmo motivo que con gran frecuencia se atopan expostas a diversas situacións e conxunturas, tanto de orixe natural como antrópica. Por conseguinte, antes de incidir nos comentarios das persoas enquisadas gustaríame remarcar levemente esta serie de problemáticas, exemplificando algunha delas con casos concretos de Terra de Montes.

Nun primeiro lugar e de forma rápida, podemos sinalar a vulnerabilidade dos gravados por mor da meteoroloxía. Na súa maioría e de forma habitual,<sup>17</sup> os petróglifos están expostos ás adversidades atmosféricas propias de Galicia, como a choiva e o vento, que co paso progresivo dos anos continuará deteriorando a superficie das laxes, facendo cada vez menos visibles os motivos representados.

---

<sup>17</sup> Aínda que existen excepcións, como aconteceu no caso de Laxe dos Carballos, localizado no interior do recinto do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre (PAAR) de Campo Lameiro. Esta escavouse co gaio de poder ser estudada e contemplar as maravillosas inscricións coas que conta. No caso de Terra de Montes non consta de ningún petróglifo que fose desenterrado, todos se atoparon descubertos de forma orixinal, é dicir, non foron vítimas de deposicións posteriores á súa realización.

Neste proceso de deterioro tamén inflúe o crecemento de diferentes tipos de fungos, propiciados de novo polas condicións atmosféricas e a gran humidade. Pola súa característica posición en ladeiras e outeiros tamén resulta común observar gran cantidade de toxos e maleza que rodea e oculta os gravados, dificultando a súa descuberta. En Terra de Montes son varios os exemplares que sofren estas condicións adversas, podendo destacar, entre outros, o gravado do Outeiro Rachado, na parroquia de Figueiroa (Cerdedo), e o do Outeiro da Bichoca (véxase Anexo nº 1, figuras 9 e 10, respectivamente).<sup>18</sup>

A pesar disto, as incidencias meteorolóxicas e a natureza non se consideran as maiores causas da deterioración ou perda patrimonial, posto que ocupan os incendios forestais. Estes, tanto por mor das altas temperaturas en épocas de verán como provocados por distintos individuos, supoñen o perigo principal para os petróglifos. A exposición a tan altas temperaturas provoca a fractura das superficies rochosas e a perda dos gravados, ademais de alterar propiedades do soporte, tales como a textura ou a cor.

Por desgraza, esta non é a única alteración antrópica que sufriron, sofren e sufrirán os petróglifos, podendo salientarse diferentes accións. A primeira sería a súa alteración ou destrución froito da ignorancia, de aí que sexa tan importante educar e concienciar á sociedade da súa importancia patrimonial e sobre como poden e deben actuar ante eles. Ademais de evitar pisalos ou tratar de limpar os gravados -do que deberá encargarse un profesional capacitado en caso de considerarse necesario- é fundamental que non se remarquen os sucos dos motivos representados con ladrillos, vidros, xices, pedras ou calquera outro material coa intención de apreciálos mellor, posto que pode ocasionar a súa invalidación para futuros estudos (Costas e Novoa, 1993, p. 253).

Estreitamente relacionado estarían os actos vandálicos, é dicir, realizados de maneira consciente e sen a escusa de querer axudar a velos con maior facilidade, como no caso anterior. O vandalismo, que nestas últimas décadas estase a converter nun motivo de alteración cada vez máis grave (Fábregas e Rodríguez, 2012, p. 100), chama a nosa atención pola súa aparición nos xornais, como por desgraza ten ocorrido en febreiro deste ano 2022 nun abrigo de Ciudad Real, onde se pintou a bandeira de España sobre uns

---

<sup>18</sup> No do Outeiro Rachado pódese apreciar a presenza de múltiples manchas (liques) que cobren ás cazoletas e ao risco curvilíneo que comunica dúas pías naturais, presuposto como prehistórico (Capitán Gosende, 2017, pp. 233-243). No caso do Outeiro da Bichoca observamos que se atopa cercado pola vexetación e invadido por fungos. Sobre este último retornaremos en liñas posteriores para incidir nunha lenda asociada de gran interese.

gravados neolíticos.<sup>19</sup> De feito, empreguei esta noticia para preguntar nas entrevistas orais opinión sobre posibles medidas de protección para evitalo, así como para valorar as sancións ou castigos que se deberían impoñer, e que veremos proximamente.<sup>20</sup>

Como última acción humana causante da desaparición dos petróglifos paréceme de vital importancia falar, pola propia orografía de Galicia e máis concretamente de Terra de Montes, dos canteiros. Esta actividade tradicional mineira tivo especial relevancia na comarca, podéndose observar do mesmo xeito na toponimia de certos lugares.<sup>21</sup> O emprego deste lugar como fonte de extracción de granito queda demostrado nas marcas remanentes dos petróglifos da zona, como no chamado Pedreira VI (véxase Anexo nº 1, figura 11).<sup>22</sup>

Unha vez presentados os principais factores de risco para os gravados rupestres, abordaremos e analizaremos os resultados das enquisas, onde se lle preguntou á veciñanza que métodos consideraban necesarios poñer en práctica para fomentar a súa protección (véxase Anexo nº 1, figura 12). O aspecto máis repetido, sen dúbida, foi o da concienciación (mencionado por 80 persoas), é dicir, potenciar dende a educación un sentimento de responsabilidade e necesidade de conservación deste tipo de manifestacións prehistóricas. De forma directa ou indirecta, isto vincularíaos -como xa acontece e vimos anteriormente- aos nosos antepasados, persoas que xa ocupaban o espazo fai miles de anos, gañando con esta antigüidade un valor engadido. O único do que deberíamos ser capaces neste aspecto é de diferenciar a realidade arqueolóxica dos petróglifos, do celtismo que perdura no tempo.

A seguinte acción máis repetida, con 63 mencións, foi a necesidade de valar dalgunha forma as laxes, principalmente coa función de protexer, pero ao mesmo tempo de sinalar que no interior ou proximidades dese pequeno recinto se atoparían vestixios

---

<sup>19</sup> Bachiller, C. (10 de febreiro de 2022). Pintan una bandera de España sobre arte rupestre del Neolítico en la provincia de Ciudad Real. *El Diario*. [https://www.eldiario.es/castilla-la-mancha/pintan-bandera-espana-provincia-ciudad-real-arte-rupestre\\_1\\_8735879.html](https://www.eldiario.es/castilla-la-mancha/pintan-bandera-espana-provincia-ciudad-real-arte-rupestre_1_8735879.html) (consultado o 28 de abril de 2022)

<sup>20</sup> Por suposto, tamén cabería situar como vandalismo accións a menor escala, sendo os máis comúns os gravados de nomes sobre os petróglifos e pinturas orixinais ou nas súas proximidades, como acontece por exemplo en diferentes paneis do interior de Cova Eirós (Triacastela, Lugo).

<sup>21</sup> Contamos co caso de Pereira, parroquia do concello de Forcarei, que procede do latín *Petraria(m)*, en alusión a un lugar abondoso en pedra (descártase a relación coa árbore froiteira). O mesmo acontece con Pedreira, nome do monte próximo, derivado de “pedra” (lat. *Petra(m)*), en referencia ao mesmo elemento e á súa abundancia (Solla, 2021, p. 38).

<sup>22</sup> Buenaventura Aparicio e Anonio De la Peña defenden na súa obra *Segredos ao descuberto* a hipótese de que, pese a que é certo que foron responsables do estrago de múltiples exemplares, tamén lles debemos a conservación das laxes que decidiron non perturbar, renunciando ao seu aproveitamento lítico. É dicir, os canteiros realizarían unha destrución selectiva (Aparicio e De la Peña, 2017).

prehistóricos de interese. Non obstante, hai quen sinala que isto suporía unha alteración excesiva da contorna e da paisaxe, mais non debería ser tal dependendo do sistema e material do valado. O problema principal aquí parte dunha situación anterior, que é a falta de localización, inventariado e catalogación de moitos dos petróglifos, así como a súa posta en valor como Bens de Interese Cultural (BIC).

Unha posible solución podería ser o desenvolvemento da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico, que orixinalmente alberga catro grandes parques, cun museo ou centro de interpretación, repartidos entre as catro provincias galegas.<sup>23</sup> No que a petróglifos se refire, resulta simbólico o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre (PAAR) de Campo Lameiro, recinto que engloba unha gran acumulación de afloramentos graníticos con inscricións prehistóricas de rechamantes tipoloxías (como escenas de caza e de monta), practicamente inexistentes en Terra de Montes.

En estreita relación co apartado anterior, un total de 45 enquisados nomearon a necesidade de sinalización. Para comezar, isto parte da mesma base que mencionamos liñas atrás, e é que requiriríamos dunha maior e mellor recompilación da ubicación dos petróglifos por parte da administración. A parte positiva sería que, catalogados ou non, os concellos poderían desempeñar unha labor crucial de posicionamento de sinais físicas, así como elaborar pequenas guías de campo que ofrecen información e favorecesen a súa visita individualizada ás persoas interesadas. Desta forma poténciase o turismo natural e o cultural mentres se informa e educa aos visitantes do valor patrimonial destas estacións pétreas (Costas e Hidalgo, 1998, p. 84).

Como último apunte a remarcar sobre este asunto teríamos a 9 persoas que declararon como necesario algún tipo de sistema de vixilancia, fose mediante cámaras ou cunha persoa responsable. Isto resulta inviable a nivel xeral, posto que a maioría dos petróglifos atópanse en lugares pouco accesibles, onde para sorte ou desgraza non se asentou ningún poste de luz. Ademais, moitos outros entrevistados consideraron esta medida como pouco apropiada, tanto por supoñer un excesivo coidado como por poderse evitar fomentando calquera das anteriores opcións xa comentadas. Os únicos lugares onde se podería tratar de desenvolver esta iniciativa sería nos parques arqueolóxicos aos que

---

<sup>23</sup> En Ourense teríamos o dedicado á cultura castrexa en San Cibrao de Lás; en Pontevedra á arte rupestre, en Campo Lameiro; na Coruña ao megalitismo, arredor do dolmen de Dombate, e na propia cidade de Lugo sobre a romanización.

fixemos referencia, por ser punto de acumulación de gravados, pero a escala xeral do territorio galego ou de Terra de Montes sería inviable.

En definitiva e como conclusión a este apartado, debemos recalcar que os métodos de protección dos petróglifos a día de hoxe non son suficientes, por non dicir que son inexistentes. En lugar de escoitar aos veciños, coas propostas de atender este asunto dende a base -a educación-, ou levar a cabo a elaboración dun inventario e declarar como BIC todos e cada un dos petróglifos, a administración prosigue a facer oídos xordos, quedando o coidado e coñecemento destes xacementos en mans da propia sociedade ou, no mellor dos casos, dos concellos.

Seguindo a mesma liña temática, interesa falar agora das medidas “paliativas”, en lugar das proteccionistas. Con paliativas véñome a referir a aqueles métodos que penalizan a alteración do estado dos petróglifos -esencialmente os actos vandálicos-, dende a realización dun graffiti de gran tamaño, como o xa sinalado da bandeira de España en Ciudad Real, ata inscricións ou repiqueteados contemporáneos. Se ben é certo que repetimos o mesmo de novo, de que para evitar accións deste tipo sen mala intención (repasos con distintas ferramentas ou materiais para velas mellor, descoñecemento da existencia de gravados na laxa afectada, etc.) é necesaria unha boa educación e sinalización, centrarémonos agora nos castigos aplicables a aqueles casos de claravontade destrutiva ou mal intencionada.

Dunha banda, contamos con que case a totalidade dos enquisados contemplan de forma positiva e crucial a existencia de sancións económicas, tanto como castigo unha vez danado o petróglifo, como medida preventiva que evite a mala intención. Isto atópase xa recollido no Diario Oficial de Galicia (DOG), na Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, que sinala nos artigos 130 e 131 como infraccións graves ou moi graves “a destrución ou danos graves e irreparables para bens declarados de interese cultural ou catalogados”. Posteriormente, no artigo 133, establécense as “clases” de multas segundo a gravidade da infracción, variando entre os 6.000 e 150.000 euros no caso das graves, e ata o millón de euros no das moi graves.<sup>24</sup>

Estas penas pecuniarias contan con dous problemas esenciais. Por moitos cartos que se establezan en compensación polos danos causados, é probable que estes sexan

---

<sup>24</sup> Esta variación débese a toda unha serie de consideracións a ter en conta, tratadas no artigo 134, entre as que salientan o grao de intencionalidade e as circunstancias persoais da persoa infractora.

irreparables, constatando así unha perda patrimonial irreparable. No caso de que o infractor sexa un menor de idade, a multa unicamente serviría para penalizar aos pais/nais ou titores legais -dada a insolvencia económica do acusado-, quen non deberían sufrir as consecuencias dos actos irresponsables do seu encargado. Isto lévanos a analizar outra das medidas propostas nas enquisas, sinalada por 45 voluntarios/as, que sería a obrigación de levar a cabo traballos sociais de carácter obrigatorio, como forma de escarmento máis adaptado a todas as idades e situacións persoais.

A terceira e última proposta, declarada tan só por 9 individuos, sería o establecemento de penas de cárcere, de curta ou longa duración, pero co suficiente valor simbólico como para reprimir futuras intencións de atentar contra os petróglifos. Porén, foron varios os veciños que ao comentarlles esta posibilidade negárona como opción válida, considerándoa unha medida excesiva e até confirmando que “hai cousas máis importantes que protexer”.

Observamos entón unha clara tendencia popular ao mantemento -ou como moito alza- das multas económicas xa amparadas baixo a Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, pese a que poden non ser totalmente xustas de cara a quen deberá facer fronte a dita sanción. Resulta interesante a mención aos traballos sociais como forma de compensar os males ocasionados, aínda que poidan ser irremediabes, tanto pola aplicación máis xusta do castigo a nivel social, como por contar cun obxectivo reformativo. Finalmente, o cárcere como método máis impopular, vendo a restrición da liberdade persoal como innecesaria e excesiva para o escarmento dos infractores.

#### 3.4. Coñecemento de petróglifos en Terra de Montes e lendas asociadas

Os petróglifos contan cunha progresiva maior relevancia, asumíndose xunto con castros e mámoas como un elemento identificador da identidade galega, circunstancia que contemplan con pasividade as institucións e organismos oficiais, a pesares de estar obrigados por imperativo legal á súa protección, documentación e difusión (De la Peña, 2010, p. 11). Isto amósase nas respostas recibidas dos/das veciños/as cando se lles preguntou se tiñan constancia da existencia de petróglifos no territorio de Terra de Montes.

Tan só 45 das 127 persoas enquisadas foron quen de responder afirmativamente e demostralo, ben dando o nome concreto da laxe gravada que lembraba ou aportando unha ubicación aproximada (aldea, pobo, monte). Dentro das 82 persoas restantes, a maioría admitiu que non tiña constancia de arte rupestre tan próxima; de feito, asombráronse cando lles comentei a existencia desta nalgúns lugares facilmente recoñecibles da zona, como no monte Seixo, no monte Penide ou en Pedre (Cerdedo). A maiores, no caso das enquisas online, houbo oito voluntarios/as que dicían saber de petróglifos na comarca, pero ou ben sinalaron como exemplo laxes e lugares non pertencentes a Terra de Montes, ou directamente esqueceron ou non souberon aportar ningunha información que corroborara ese aserto.

De todos xeitos unha cousa é segura, e é que resulta necesario inculcar unha maior concienciación sobre o patrimonio local e rexional ao conxunto da poboación, especialmente ao alumnado de colexios e institutos. Na actualidade, polo que puideron comprobar mediante o traballo de campo nun centro educativo e polos datos amosados, a ignorancia sobre o noso patrimonio é bastante elevada. Esta cuestión, en opinión compartida coa das persoas enquisadas, tería fácil solución: dedicarlle algo de tempo -ou máis- a comentar cuestións básicas sobre a nosa contorna máis inmediata, e apoiarnos tamén na visita destes xacementos mediante excursións, posto que as experiencias de primeira man sempre resultan máis nutritivas.

Esta escaseza de datos sobre a mera existencia de petróglifos na bisbarra resulta preocupante, pero o punto crítico atopámolo cando ao documentar que das 127 persoas entrevistadas ningunha coñecía lendas asociadas.<sup>25</sup> Ditas historias formarían parte do denominado folclore, que pretendía estudar as variadas manifestacións verbais -ditos, contos de fadas, lendas e demais ocorrencias orais- pola súa vinculación a manifestacións artísticas e elementos históricos predominantes na sociedade, colaborando na formación de identidades colectivas (Gazin e Holtorf, 1999, pp. 5-9)

---

<sup>25</sup> O mellor que puideron conseguir foron dúas lendas, pero que por distintos motivos non teñen validez para o obxectivo deste traballo. A primeira, ofertada pola primeira das rapazas que entrevistei, estaba relacionada coa chamada Pedra da Serpe, petróglifo situado en Campo Lameiro, máis non nunha das dúas parroquias que forman parte de Terra de Montes, polo que non procede engadila como obxecto de estudo. Grosso modo, esta lenda está asociada á fertilidade: todas aquelas parellas que presenten dificultades para ter descendencia deberían manter relacións sexuais sobre ela. A segunda lenda, de boca dunha señora de avanzada idade, vincúlase cun castro e unha mina próximas á súa vivenda particular. Nela asegúrase que se ten visto unha galiña de ouro acompañada polos seus pitos -tamén de ouro- paseando polas proximidades.

As miñas expectativas esperaban unha diminución no grao de coñecemento deste tipo de historias acorde coa idade, é dicir, que os/as máis anciáns/ás conservaran na súa memoria algún relato que por falta de transmisión xeracional se acabara por esquecer nos máis cativos. Esta interrupción podería terse producido pola cada vez maior contaminación da educación “científica”, pero tamén por elementos clásicos e bíblicos, libros, producións comerciais e cinematográficas, entre outras influencias. Evidentemente, esta educación resultou positiva, contribuíndo a elevar e acadar o grao de alfabetización actual, pero negativa no sentido de conservar vivas estas tradicións orais, posto que fomentou a súa desaparición da sociedade europea occidental (Gazin e Holtorf, p. 131).

Esta perda progresiva do repertorio mitolóxico, que enriquece e aumenta o valor dos múltiples monumentos culturais galegos, intenta ser compensado dalgunha forma mediante a súa recompilación en numerosas obras, tanto académicas como por parte de asociacións (caso da obra de Solla, *Almanaque de encantos*). Todas elas inciden nas mesmas historias, aquelas que versan sobre seres fantásticos, principalmente sobre os famosos mouros e mouras.<sup>26</sup> En relación cos petróglifos, xa Ramón Sobrino Buhigas constatou na súa obra de 1935 o nome popular que moitos deles recibían, alomenos por aquel entón: Pedra dos mouros. Tamén recibían, por semellanza con outros obxectos ou animais, a denominación de Penas, Laxes das ferraduras, tixolas, coviñas, e un longo etc. (Sobrino, 2000, p. 126).

Estes espazos de “habitación” dos mouros eran entendidos como fontes de riqueza, que albergaban increíbles tesouros de ouro, crenza que a partir de principios do século XVII desencadeou un gran movemento de espoliación de xacementos, fundamentalmente de mámoas (Aparicio e De la Peña, 2017, pp. 63-64). A cuestión é que estes monumentos atopáranse envoltos dun encantamento que intimidase a todo aquel ao que se lle ocorrera achegarse e intentar roubar as supostas riquezas agochadas, posto que se fosen fáciles de conseguir non existirían os mitos.<sup>27</sup>

---

<sup>26</sup> Estes combinarían unha dialéctica entre a similitude coas persoas, homes e mulleres normais, e a alteridade, outorgándolles atributos que os diferencian, como maior fortaleza (Llinares, 1990, p. 131), pertenza a unha relixión diferente á cristiá e posesión de habilidades máxicas (Llinares, 1991, p. 13).

<sup>27</sup> Un destes mitos, que particularmente en Terra de Montes téñoo escoitado en relación co Castro de Loureiro (concello de Forcarei), afirmaría a existencia de variadas trabes enterradas dentro do recinto amurallado. Mentres que unha delas sería a de ouro, unha ou varias máis estarían compostas por alcatrán, xofre ou veneno, polo que o seu desenterramento podería provocar unha explosión ou intoxicación, supoñendo un perigo non só para o individuo responsable, senón para un amplo grupo de persoas. Esta consideración moral trataría de manter a raia os intereses particulares e egoístas, superpoñéndose o beneficio comunitario (Aparicio e De la Peña, 2017, pp. 67-68).

É doado atopar tamén relatos relacionados con formacións rochosas naturais (como as pías, froito da acción erosiva da choiva ou do vento) e cos motivos máis repetidos nos petróglifos, as cazoletas. Ambas figuras, de morfoloxía redondeada, de maior ou menor tamaño, adoitan relacionarse coas tarefas básicas e as actividades diarias dos mouros. A Laxe do Almanaque (Cerdedo) sería un claro exemplo, empregada por estes seres para o seu aseo ao recoller a auga das precipitacións. Igualmente, crese que as pías da contorna dos petróglifos de Alto do Monte II puideron ser utilizadas polos mouros como berces para as crianzas (Capitán Gosende, 2017, pp. 21, 193).

Mais con todo, a transformación e asociación máis común é cos animais, especialmente por parte da moura.<sup>28</sup> Esta apareceríase aos homes pola noite convertida en serpe, vítima dun feitizo que se pode desfacer de ser bicada polo varón para así gañar o seu amor e demostrar ser o merecedor do tesouro que agocha (Casteleiro e García, 2021, p. 149). No caso terramontés, na parroquia de Cerdedo, contamos cun dos gravados máis exclusivos da zona, que é o Serpentiforme de Limeres. Sobre este petróglifo manéxanse dúas versións. A primeira que mencionamos recentemente, de que un home debería bicar a serpe para desfacer o encanto da moura, e outra relacionada coa cantería sobre a que incidimos nun apartado anterior. Sobre este aspecto, a moura metamorfoseada en serpe apareceríase aos canteiros que traballaban extraendo pedra no lugar, posto que, en palabras dunha veciña entrevistada por Calros Solla, “a Moura non quería que lle destruísen a súa casa” (Capitán Gosende, 2017, p. 111).

Por último, pero non menos importante, contamos coa posibilidade de que as defensoras dos tesouros agochados nos petróglifos non foran mouras convertidas en ofidios, senón bichocas. A bichoca é unha serpe mitolóxica que reina na cunca do Lérez, capaz de alcanzar dimensións e lonxeidades prodixiosas. Consérvase un dito sobre ela, recollido por Solla nunha das súas obras, que versa así:

*Troiteiros da Pontevella  
non veñades pescar ao couto  
que a Bichoca anda ceiba  
e o río baixa lodo  
(Solla, 2010, p. 40)*

---

<sup>28</sup> Continuando co antedito caso do Castro de Loureiro, a lenda advirte que nas noites de San Xoán unha fermosa moura adoita aparecérselle aos camiñantes na ponte do río, pero que ninguén foi capaz de arrimárselle por medo a ser enganado e asasinado. Esta especie de ninfa, á que os veciños chamaron *Loureiraña*, sería de feito a que daría nome á aldea. Esta historia contouma miña tía fai uns anos, e é das máis arraigadas e conservadas da zona.

Esta especie de monstro resulta típico, novamente, na zona de Cerdedo, en relación co coñecido como Outeiro da Bichoca (Chamadoira). Este nome procede da identificación por parte dos veciños da singular forma do propio penedo, que sería causada polo réptil xigante ao enrolarse nel, e dende o que contaría dunha vista privilexiada para vixiar a contorna (Capitán Gosende, 2017, pp. 43, 48).

Como podemos observar existen bastantes referencias mitolóxicas arredor dos distintos petróglifos de Terra de Montes, dende os máis comúns -mouros e mouras que empregan as cazoletas e pías como aseos ou a crianza dos máis cativos- ata os máis sorprendentes e aterradores, caso da bichoca. Por desgraza, todas estas lendas so se conservarán, nun futuro próximo, nos estudos e obras escritas daqueles profesionais e afeccionados que se preocuparon pola súa recuperación e conservación no tempo.

### 3.5. Preservación do patrimonio por parte de asociacións e da administración

Os petróglifos, como xa advertimos, non comezan a espertar o interese da poboación ata finais do XIX. Mentres que as mámoas son rapidamente relacionadas con espazos funerarios e os castros con antigos lugares de habitación, ambos influídos pola presenza e labor dos mouros, os petróglifos quedaron relevados a un segundo plano. Fose pola súa ubicación -en moitos casos de difícil acceso- ou pola dificultade de ver os seus gravados, pola erosión ou pola abundante vexetación que adoita rodeala, rematou por non espertar o interese institucional suficiente como para outorgarlle a consideración que merece nos estudos arqueolóxicos, aproximándonos a eles mediante formulacións metodolóxicas máis características da Historia da Arte (Carrera *et al.*, 2002, pp. 13-14).

Contamos con outros dous problemas que nos poden axudar a comprender este desinterese polos petróglifos. Dunha banda, e reincidindo no tema das lendas, salientamos que os exemplares catalogados foron estudados -xeralmente- por arqueólogos, pero que escasas veces se preocuparon por recompilar neses traballos o folclore correspondente. Debérase á unha carencia de formación etnográfica e antropolóxica ou por simple desinterese, desta forma e como ben di Aparicio Casado, perdeuse a oportunidade de “estudar os xacementos dentro do seu contexto espacial e humano, tendo en conta o seu impacto sobre as comunidades veciñais en cuxo entorno se asenta” (Aparicio, 1995, p. 111).

O ámbito administrativo tampouco resultou ser unha axuda práctica completa. Se ben é certo que a entrada en vigor da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español supuxo unha gran nova, posto que concedía de forma automática e a todos os petróglifos galegos a consideración de Bens de Interese Cultural (BIC), esta non deixaba de ser unha protección teórica (Carrera *et al.*, 2002, pp. 96-97). Por moito renome que se lle poda conceder a un monumento ou sitio arqueolóxico, para unha protección eficiente resulta imprescindible, en primeiro lugar, coñecer a súa localización, para deseguido proceder coas consecuentes tarefas de sinalización, así como comunicar aos veciños sobre os importantes restos patrimoniais que alberga a súa aldea, parroquia e concello.

Anos máis tarde aparecería o Decreto 62/1989 da Consellería de Cultura, que regulaba a actividade arqueolóxica de Galicia, controlando os traballos de prospección da arte rupestre, e restrinxindo simultaneamente a súa dirección ao persoal que contara con “estudos de prehistoria e arqueoloxía”, quen so poderían realizar unha intervención por ano (Carrera *et al.*, 2002, p. 97). Non sería ata o Decreto 199/1997, publicado no DOG, que se derogaría a disposición anterior, que prexudicaba a investigación dos petróglifos tanto a profesionais como a “aficionados”. Finalmente, a día de hoxe mantemos vixente no DOG a Lei 5/2016, que contempla un maior número de situacións e regulamentos, como as zonas de protección ou os criterios de intervención nos bens mobles e inmobles.

Non obstante, todo isto non deixan de ser leis que realmente non solucionan as numerosas trabas existentes. As asociacións ou colectivos, aos que Galicia debe o descubrimento de case todas as estacións con gravados rupestres coñecidas, fártanse de cumprir os procedementos necesarios para a súa inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural. A escasa axilidade na resolución das peticións é a causante de que, por exemplo, no concello de Cerdedo unicamente se rexistren 20 petróglifos, cando tan só na obra do Colectivo *Capitán Gosende*, se supera a trintena (Capitán Gosende, 2017). De feito, as denuncias ante o desinterese administrativo son frecuentes por parte do mesmo nas súas diferentes obras.

Os veciños de Terra de Montes, a maioría alleos a esta problemática, cando foron postos en contexto e se lles preguntou cal pensaban que sería o mellor método de actuación -se que se dedicasen ao estudo dos petróglifos os profesionais (historiadores, arqueólogos, etc.) ou as asociación-, pronunciaron respostas diversas. Porén, tras unha breve reflexión, boa parte deles concluíron en que debía ser unha labor conxunta e colaborativa. Os titulados poderían aportar a metodoloxía e os métodos de estudo máis

apropiados, cunha labor fundamentalmente arqueolóxica, mentres que os afeccionados, grazas ao seu coñecementos da contorna e a proximidade cos veciños, serían de maior utilidade na localización das laxes e a recompilación etnográfica asociada ás mesmas.

Por isto resulta tan importante o que remarcamos dende os inicios do traballo, de que debe considerarse como algo vital dar a coñecer o patrimonio que existe ao noso arredor. A pesar de ser as autoridades competentes as encargadas de protexelo e informar sobre el, son os veciños e a sociedade en xeral a que realmente debe contar cun sentimento de responsabilidade cara estas representacións artísticas, ser conscientes da súa relevancia histórica e mostrar unha preocupación pola súa conservación e divulgación.

#### 4. Conclusións

Como puidemos comprobar, Terra de Montes resulta un lugar que, pola súa proximidade ao curso baixo e medio do río Lérez, conta con gran cantidade de petróglifos, que diminúen a súa variedade e calidade tipolóxica a medida que avanzamos cara o interior. Os máis numerosos e rechamantes atopárianse no antigo concello de Cerdedo, aínda que Forcarei e Beariz tamén contén con exemplares curiosos.

No referido ao traballo de campo e como valoración persoal, puiden observar unha tendencia xeral a participar nas enquisas. Tanto nas formuladas cara a cara, sempre máis abertas a unha conversa máis longa e frutífera, como nas realizadas en liña, nas que participaron amigos, coñecidos e os seus familiares da comarca, decateime da existencia dunha clara vontade por axudarme co meu traballo de fin de grao. Por suposto, aproveitando o momento e como unha das finalidades das preguntas expostas, a maioría de enquisados pronunciáronse e opinaron sobre os petróglifos, así como denunciaron as condicións e problemas aos que se enfrontan habitualmente, e demais consideracións xa expostas.

Como conseguimos apreciar nas respostas das enquisas, podemos confirmar que o coñecemento xeral dos veciños da bisbarra sobre petróglifos é relativamente alto, pero cando nos cinguimos a preguntar sobre estes gravados na zona, a situación empeora de forma notable. Isto resulta un problema, xa que unha falta de coñecemento e de conciencia sobre a arte rupestre poden desembocar na súa modificación ou destrución irreparable. A sociedade debe ser a primeira interesada na conservación e protección do seu patrimonio,

tanto polo seu valor histórico e cultural, como polo proveito turístico e económico que de xeito indirecto conlevaría a súa maior visibilización.

Gran parte das persoas voluntarias, a medida que íamos avanzando nas preguntas, déronse conta deste feito, influídos polo sentimento común que relacionaba os petróglifos cunha parte importante da identidade galega. É por iso que ás veces me parecía que falaban deles até como se foran da súa propiedade e tivesen dereitos neles, fundamento acertado polo menos parcialmente. Tamén sería por isto que ao inicio non parecían entender moi ben a finalidade da enquisa, máis alá de formar parte dun traballo académico. Porén, eran dúbidas que apartado tras apartado fóronse despexando, podendo ver con claridade o ton de denuncia polo abandono do coidado dos petróglifos por parte das autoridades e a importancia dos colectivos, o grao descoñecemento popular sobre algúns aspectos de Terra de Montes e a necesidade do mantemento, concienciación e sinalización das laxes inscritas.

Ademais de loitar contra o vandalismo, incendios e demais factores de risco para os gravados, a administración debería esforzarse máis por sinalizalos, protexelos e difundilos. De igual forma, estudalos e investigar sobre eles debería ser unha prioridade, preferiblemente en colaboración coas asociacións, intentando recoller datos tanto de carácter arqueolóxico, como etnográfico e antropolóxico, é dicir, recompilar o folclore. Así, contaremos coa capacidade non só de entender os seus significados orixinais na prehistoria, senón tamén o que supuxeron para as sociedades posteriores e no presente (Gazin e Holtorf, 1999, p. 15).

Os colectivos, formados por persoas interesadas na herdanza histórica galega e local, supoñen unha gran axuda pola súa labor cultural. Ao estar familiarizados cos veciños resulta máis doado aproximarse ao coñecemento das lendas, sendo as máis salientables e repetidas as que versan sobre os mouros e mouras -nas súas diferentes versións- e as que mencionan a un animal, normalmente unha galiña con pitos de ouro ou unha serpe. Estes relatos arredor dos petróglifos adoitan confundirse cos de mámoas e castros, posto que a poboación asimila as tres manifestacións prehistóricas de forma conxunta.

Espero que este traballo cumprira os obxectivos que se propuxeran inicialmente, consistentes no estudo do grao de coñecemento e a percepción social da poboación de Terra de Montes sobre a arte rupestre da comarca, mediante a análise das respostas obtidas

de entrevistas e enquisas en liña. Conto tamén con que este traballo marque o inicio dunha investigación máis profunda e proveitosa, que esperte o interese de todo aquel/a interesado/a polos diversos asuntos que abrangue, dende a arqueoloxía ata a etnografía.

## BIBLIOGRAFÍA

- Aparicio Casado, B. (1995). Etnoarqueología de los grabados rupestres de la provincia de Pontevedra. En *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología, II* (pp. 111-115).
- Aparicio Casado, B., Carrera, F. e De la Peña, A. (2013). *Arte rupestre en Galicia*. Pontevedra: Cumio.
- Aparicio Casado, B. e De la Peña Santos, A. (2011). *Guía de petroglifos de Galicia*. Ponte Caldelas: Cumio.
- (2017). *Segredos ao descuberto. Pegadas de canteiros e de buscadores de tesouros nos petróglifos galegos*. Pontevedra: Ab Origine.
- Bachiller, C. (10 de febreiro de 2022). Pintan una bandera de España sobre arte rupestre del Neolítico en la provincia de Ciudad Real. *El Diario*.  
[https://www.eldiario.es/castilla-la-mancha/pintan-bandera-espana-provincia-ciudad-real-arte-rupestre\\_1\\_8735879.html](https://www.eldiario.es/castilla-la-mancha/pintan-bandera-espana-provincia-ciudad-real-arte-rupestre_1_8735879.html) (consultado o 28 de abril de 2022).
- Carrera, F., Costas, F. J. e De la Peña, A. (2002). *Grabados rupestres en Galicia: características generales y problemática de su gestión y conservación*. Pontevedra: Diputación Provincial de Pontevedra.
- Casteleiro, J. L. e García, M. (2021). *Galicia inmaterial, Galicia máxica*. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- Colectivo Capitán Gosende (2017). *O legado dos homes pequenos*. Cangas: Edicións Morgante.
- Costas Goberna, F. J. e Hidalgo Cuñarro, J. M. (coords.). (1998). *Reflexiones sobre el arte rupestre prehistórico de Galicia*. Vigo: Asociación Arqueológica Viguesa.
- Costas, F. J. e Novoa, P. (1993). *Los grabados rupestres de Galicia*. A Coruña: Museo Arqueolóxico e Histórico.
- Criado, F., Santos, M., Parceró, C., Lima, E., e González, C. (2016). A paisaxe dividida (2500-800 a.C.). En E. Cabrejas (Eds.), *Atlas arqueolóxico da paisaxe galega*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- De la Peña, A. (2010). Prólogo. En R. Fábregas Valcarce. *Os petróglifos e o seu contexto: un exemplo da Galicia meridional*. Vigo: Instituto de Estudos Vigueses.
- De la Peña Santos, A. e Vázquez Varela J. M. (1992). *Los petroglifos gallegos: grabados rupestres prehistóricos al aire libre en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
- Fábregas Valcarce, R. (2009). A context for the Galician Rock Art. En R. de Balbín Behrmann, P. Bueno Ramírez, R. González Antón e C. del Arco Aguilar (eds.). *Rock Carvings of the European and African Atlantic Façade* (pp. 69-83). Archaeopress.  
[https://www.researchgate.net/publication/272064344\\_A\\_Context\\_for\\_the\\_Galician\\_Rock\\_Art](https://www.researchgate.net/publication/272064344_A_Context_for_the_Galician_Rock_Art)
- Fábregas, R. e Rodríguez, C. (2012). *A arte rupestre no Norte do Barbanza*. Santiago de Compostela: Andavira.
- Fernández, J. (2022). *Introducción a los petroglifos de coviñas en el Arte Rupestre Gallego*.  
[https://www.researchgate.net/publication/358833740\\_Introduccion\\_a\\_los\\_petroglifos\\_de\\_covinas\\_en\\_el\\_Arte\\_Rupestre\\_Gallego](https://www.researchgate.net/publication/358833740_Introduccion_a_los_petroglifos_de_covinas_en_el_Arte_Rupestre_Gallego)
- Gazin-Schwartz, A., Holtorf, C. (eds.). (1999). *Archaeology and folklore*. London: Routledge.
- Gulías Lamas, X. A. (2020). *O Castelo do Castro de Montes e as parroquias desta xurisdición*. Silleda: Edicións Fervenza.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (2016). *Diario Oficial de Galicia*, 92, do 16 de maio de 2016, 18576.  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/AnuncioC3B0-110516-0001_gl.html)
- Llinares, M. (1990). *Mouros, ánimas, demonios: el imaginario popular gallego*. Madrid: Akal.
- (1991). *Os Mouros no Imaxinario Popular*. Santiago: Editorial Compostela.
- (2001). El registro del patrimonio etnográfico inmaterial. En X. Amado Reino(coord.). *Curso de Especialización en Gestión Arqueológica del Patrimonio*

*Cultural. Módulo 3: Inventario y Catalogación del Patrimonio Cultural* (pp. 51-53). Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais, IIT, USC.

Raposeiras Correa, J. (coord.). (2007). *A procura da nosa identidade. Terra de Montes*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

Santos Estévez, M. (2013). Unha visión diacrónica da arte atlántica dentro dun novo marco cronolóxico. *Trabalhos de Arqueologia* 54 (pp. 219-238).

[https://www.academia.edu/3691474/Unha\\_visi%C3%B3n\\_diacr%C3%B3nica\\_da\\_Arte\\_Atl%C3%A1ntica\\_dentro\\_dun\\_novo\\_marco\\_cronol%C3%B3xico](https://www.academia.edu/3691474/Unha_visi%C3%B3n_diacr%C3%B3nica_da_Arte_Atl%C3%A1ntica_dentro_dun_novo_marco_cronol%C3%B3xico)

Santos Estévez, M. e García Quintela, M. V. (2002). Arte rupestre y santuarios. *Semata*, 14, 90-91.

Sobrino Buhigas, R. (2000). *Corpus petroglyphorum Gallaeciae*. Sada: Edicións do Castro.

Solla, C. (2010). *Almanaque de encantos*. Cangas: Edicións Morgante.

— (2021). *O embigo do Becho: Retrincos da intrahistoria de Cerdedo V*. Cangas: Edicións Morgante.

Troitiño, M. (2010). Grabados cruciformes. Monte Penide. Forcarei. Pontevedra. *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, (29), 103-112.

## ANEXO Nº 1: FIGURAS

Figura 1:



Mapa dos territorios aproximados que forman parte da Terra de Montes. Fonte: modificado do IGE.

Figura 2:




Petróglifo da Granxa do Hospital (Quireza, Cerdedo). Autor da imaxe: Juan J. Soto (Capitán Gosende, 2017)

Figura 3:



Petróglifo Serpentiforme de Limeres (Cerdedo). Autor da imaxe: Juan J. Soto (Capitán Gosende, 2017)

Figura 4:




Petróglifo da Mámoa Grande (monte Seixo). Autor da imaxe: Juan J. Soto (Capitán Gosende, 2017)

Figura 5:



Petróglifo do Monte Penide (Dúas Igrexas, Forcarei). Foto do autor.

Figura 6:



Petróglifo do Recosto (Xirasga, Beariz). Autor da imaxe: Calros Solla (Solla, 2021)

Figura 7:




Gráfico dos grupos de idade dos entrevistados. Fonte: elaboração própria

Figura 8:





Gráfico dos níveis académicos máximos dos que dispõem os enquistados. Fonte: elaboração própria

Figura 9:



Petróglifo do Outeiro Rachado (Figueiroa, Cerdedo), no que resaltan os liques e a proximidade da vexetación aos gravados. Autor da imaxe: Juan J. Soto (Capitán Gosende, 2017)

Figura 10:



Petróglifo do Outeiro da Bichoca, no que se aprecia a cantidade de fungos que invaden o soporte granítico. Autor da imaxe: Juan J. Soto (Capitán Gosende, 2017)

Figura 11:



Petróglifo de Pedreira VI (Forcarei), cuxa sección sur se atopa máis erosionada por mor das labores de extracción de pedra. Autor da imaxe: Calros Solla (Solla, 2021)

Figura 12:




Gráfico do número de veces que se falou das diferentes propostas básicas para protexer os petróglifos.  
Fonte: elaboración propia

## ANEXO Nº 2: CUESTIONARIOS

### Cuestionario 1 (presencial):

- Idade
- Nivel máximo de estudos
- Sabe o que é un petróglifo? (Sexa a resposta positiva ou negativa concedo unha breve explicación para aclarar do que falamos e que nos referimos ao mesmo)
- Parécelle importante a súa conservación, estudo, divulgación...?
- Considera necesarios métodos de protección para os petróglifos? Cales?
- Ve necesario a implantación de sancións ante a súa destrución ou deterioro? Que tipo de sancións?
- Coñece petróglifos na comarca de Terra de Montes? En caso afirmativo, saberíame contar algunha lenda sobre algún deles?
- Que opina da labor que desenvolven asociacións ou colectivos? Cre que sería mellor que se dedicaran a estas labores os profesionais, como arqueólogos ou historiadores?

## Cuestionario 2 (en liña):

13/6/22, 11:26

Petróglifos da Terra de Montes

### Petróglifos da Terra de Montes

Trátese dunha enquisa anónima consistente nunha serie de preguntas breves, de sobre 5 minutos de duración total, que recopila datos para o meu TFG do grao de Historia na Universidade de Santiago de Compostela (USC). Tratan sobre os petróglifos da Terra de Montes (principalmente os concellos de Beariz, Cerdedo e Forcarei), e quero incidir en que non existe unha resposta correcta ou incorrecta, cada un/unha é libre de opinar e respostar con total liberdade e sinceridade ás preguntas. Dito isto, moitas grazas pola colaboración e comezamos:

Cantos anos tes? \*

20

Nivel máximo de estudos \*

- Estudos básicos (primaria e ESO)
- Bacharelato
- FP básica
- Ciclo medio
- Ciclo superior
- Grao universitario
- Máster
- Doutorado
- Otro: .....

Dedicación profesional \*

Estudiante universitario

Sabes o que é un petróglifo? \*

- Si
- No

En caso afirmativo, tenta dar unha breve descrición

Debuxo feito nunha pedra con calquera ferramenta que poida erosionar a pedra

Que opinión tes deles? \*

- Parécenme importantes e creo que deberían ser protexidos, divulgados e conservados
- Non me parecen importantes, simplemente existen
- Outro: .....

Cres que están suficientemente protexidos ou que debería haber máis medidas? \*

(Permitense varias respostas)

- Están suficientemente protexidos
- Deberían valarse
- Deberían sinalizarse
- Debería concienciarse máis á xente do seu valor
- Outro: .....

Consideras suficientes as sancións impostas ante a destrución, alteración e/ou vandalismo \*  
realizado sobre os petroglifos? (Permítense varias respostas)

- As multas actuais parécenme correctas
- As multas deberían ser maiores
- As multas deberían ser menores / Non debería haber multas
- Deberíanse realizar traballos sociais
- Debería haber penas de cárcere
- Outro: .....

Sabes da existencia de petroglifos en Terra de Montes? \*

- Si
- Non
- Non estou seguro/a

En caso afirmativo, saberías dicir o nome, ubicación e/ou algunha lenda ou conto popular  
sobre o/os petroglifo/s?

Petroglifos de Pedre .....

En caso de dúbida, a que se debe esa incerteza?

.....

Que opinas de que colectivos ou asociacións de afeccionados (non profesionais) se dediquen a protexer, divulgar e investigar máis incluso que o propio goberno e profesionais (historiadores, arqueólogos, etc.) sobre petroglifos? \*

- Paréceme ben, calquera pode traballar e dedicarse a eles mentres sexa de maneira rigurosa e respetuosa
- Debería ser unha labor máis exclusiva de profesionais (historiadores, arqueólogos, etc.)
- Ambos deberían tratar de traballar conxuntamente
- Outro: \_\_\_\_\_

Este contenido no ha sido creado ni aprobado por Google.

Google Formularios

Enquisa na que se amosan as preguntas formuladas e unha das respostas como exemplo. Fonte: elaboración propia